


O MARISCAL PARDO DE CELA

Mito e realidade dun personaxe histórico



Neste traballo propónse a aproximación a un dos máis significados nobres da Galicia da época dos Reis Católicos: o mariscal Pedro Pardo de Cela, unha figura que ten sido interpretada de modo moi diferente segundo os autores e as épocas.

A aproximación e valoración crítica deste personaxe farase a partir da lectura da obra de teatro escrita por Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte titulada **O mariscal**, publicada en 1926 pola editorial Lar con ilustracións de Cebreiro. Antón Vilar foi o autor do texto en prosa e Cabanillas versificouno. Trátase dunha traxedia en tres actos, escrita en galego. Foi traducida ao castelán para a escena española por Francisco Villaespesa.



A trama centra a súa atención nos momentos finais da vida de Pardo de Cela, recreando a significación deste personaxe con perfís máis próximos á lenda e ao mito popular que á realidade histórica. Son os propios autores quen no prólogo da obra indican que a súa intención non era escribir unha biografía do personaxe a partir de fontes documentais, senón facerse eco da lenda que arredor da súa figura forxou a tradición popular e oral, de aí que a obra comece cun romance sobre a Frouxeira cantado por un cego. A obra tivo un forte impacto noutros autores e eruditos, ben para corroborar a visión dada polos autores da obra teatral, ben para contradicila.

O esquema xeral do traballo podería fixerse en aspectos como:

A. Análise da obra: -O espazo e o tempo

-Os personaxes

-A trama. Análise de escenas e valoración das máis significativas

B. O mariscal Pardo de Cela: valoración segundo a obra. Con cal destas posibilidades se identifica mellor ao mariscal de Cabanillas? (Razoa a resposta apoiada en fragmentos da obra).

-Heroe pola resistencia que opuxo á política centralizadora dos Reis Católicos?

-Un mártir que perdeu a súa vida en defensa da independencia de Galicia fronte ao dominio de Castela?

-Cabaleiro malfeitor, un dos señores contra os que se levantaron os irmandiños?

-Caudillo dos irmandiños?

-Un simple cabaleiro ás ordes dos Andrade?

-Un desgrazado cabaleiro do século XV vítima das tensións entre bandos da nobreza no seu apoio a Sabela ou a Xoana na guerra de sucesión ao trono de Castela?

-Un hábil cabaleiro que, empregando a violencia, conseguiu ascender con rapidez na escala social pero a costa de enfrontarse ás clases populares, ao clero e mesmo a parte da nobreza á que pertencía?

-Vinganza do poder de Castela contra a nobreza galega personificada na persoa de maior rango, o mariscal?

-Unha vítima da vinganza do delegado rexio (Acuña) en Galicia?

-Un símbolo da fin da Idade Media en Galicia, polo que el e as súas actuacións representaban?

C. Mito e realidade do mariscal Pardo de Cela. Aínda que a figura e a significación do mariscal seguen sendo aínda hoxe obxecto de polémica e reinterpretación, os seguintes datos poden servir para tratar de separar o mito da realidade, reflexionar e comparar. Son soamente algúns exemplos que se poden ampliar con outros datos.

- Pardo de Cela, heroe ou malfeitor?

En 1467 a condesa de Santa Marta queixábase á Irmandade de que o mariscal, *injustamente e por fuerça e contra voluntad mia e del dicho conde, mi fijo, nos çercaron e tomaron la nuestra villa e fortaleza de Santa Marta de Hortigueira... e nos la tienen asy tomada.*

En 1469, o concello de Viveiro envía unha relación ao rei, na que se queixa da violencia dos nobres: *Agora el Conde de Lemos (...) et Pedro Pardo (...) et otros algunos caballeros et comenderos, con favor de Juan de Vivero et de otros caballeros que fueron en desfacer la hermandad, fazen a la villa y vezinos della toda guerra et mal et daño, robandoles las iglesias et prendiéndolos.*

- Pardo de Cela, defensor de independencia de Galicia ou defensor dos seus intereses?

O mariscal conseguira importantes privilexios da raíña de Castela, curmán da súa muller, *por los buenos y leales serviçios que Pedro Pardo de Cela, mi vasallo, a fecho e face cada día*, pero pouco tempo despois está enfrontado coa Coroa por negarse a pagar as débedas contraídas, ademais de prohibírselle, entre outras cousas, construír fortalezas e entrar en terras dos concellos de Ortigueira e Mondoñedo como represalia pola súa desobediencia.


- Cal foi a verdadeira razón da súa morte?

Non está clara a vontade dos monarcas na decisión da condena do mariscal. Aproveitou o gobernador Acuña a posibilidade de capturar a Pardo de Cela e demostrar a súa forza e poder coa condena do máis destacado dos nobres galegos do momento? A realidade é que a nobreza galega medieval desaparece como clase dirixente a partir da morte do mariscal.

- Que hai de certo na lenda da súa morte?

A lenda popular recolle que a muller de Pardo de Cela conseguira e traía da Corte o indulto da raíña, pero que uns monxes, servidores do bispo de Mondoñedo, parárona na Ponte do Pasatempo que daba acceso á vila para que non chegase a tempo de paralizar a execución. Tamén conta a lenda que a cabeza do mariscal foi rodando ata a porta da catedral mentres berraba: *credo, credo, credo*. O museo de Lugo conserva unha grossa cadea coñecida como *a mariscala* porque dise que foi coa que se encadeou a Pardo de Cela.

D. Pardo de Cela na literatura, no cine, na música e nas artes plásticas. Pardo de Cela segue a ser fonte de inspiración para creadores de moi diversos ámbitos. Algúns exemplos que poden servir de contrapunto á obra de Cabanillas:



-*El mariscal Pedro Pardo*, breve obra de teatro de Emilia Pardo Bazán. Podes lela en <http://books.google.es/books?id=I9YqlKsXsMgC&pg=PA411>

- *A morte do Mariscal*, película dirixida por Enrique Rodríguez Baixeras (1973, Super 8). Premiada no VIII Certamen de Cine Amateur de Lugo (1974)

-*O mariscal*, primeira ópera galega inspirada na obra de Cabanillas composta por Eduardo Rodríguez Losada estreada en 1929.

❖ **Para saber máis...**

http://es.wikipedia.org/wiki/Pero_Pardo_de_Cela

Biografía de Pardo de Cela




<http://www.pangalaica.com/britonia/historia/mariscal.htm>

Pardo de Cela

<http://www.h-debate.com/cbarros/spanish/ascenso.htm>

Carlos BARROS. Ascenso e caída do mariscal pardo de Cela

La verdad de Pardo de Cela (R. ROMERO. ABC.ES. 23-01-2013)



-Eduardo José PARDO. *El mariscal Pedro Pardo de Cela y la Galicia de fines del siglo XV*. Lugo, Alvarellos, 1981.

-Emilio José INSUA LÓPEZ. *Sobre O Mariscal de Cabanillas e Villar Ponte*. Universidade da Coruña, 2005.

-Luis Enrique CABANELA. *Confesiões do Mariscal Pardo de Cela*. Vigo, Ir Indo, 2001.

Na **valoración** no traballo terase en conta: a calidade e a exposición dos contidos (1 punto), a presentación da información (0,5 puntos) e as referencias bibliográficas (0,5 puntos). Para comprobar a eficacia e utilidade da elaboración do traballo, o día do exame poderías ter que **responder** a unhas breves cuestións formuladas especificamente sobre algún dos aspectos que figuran nel.

Lembra que o prazo de entrega do traballo son as 24 horas do día anterior ao exame se o envías por e-mail ou no momento do exame se o realizas en papel.